

Cancelas, un apelido singular

As orixes deste sobrenome en Tirán remóntanse a 1780 e a súa forma definitiva en plural aparece nos rexistros á cuarta xeración

Xesús Cancelas Franco - Moaña

15-09-11 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2011/09/15/cancelas-apelido-singular-17725251.html>

O apelido galego Cancelas naceu en Moaña. Onde adquire a forma plural nos descendentes dun veciño de Coristanco chamado Joseph Cancela del Villar que viviu en Tirán. Este apelido espallouse por todo o Estado, pero Moaña mantén o 45,8% de todos os Cancelas de Galicia. Unha descendente, Matilde Cancelas, foi a primeira muller divorciada no municipio, en 1933.

En 1780, chega a Tirán un mozo chamado Joseph Cancela del Villar procedente da parroquia de Xaviña no actual concello de Coristanco, na bisbarra de Bergantiños. Tiña 16 anos e en 1785 casa cunha moza chamada Christina Nogueira Caamaño, dunha familia que levaba arraigada nas parroquias de Tirán e Moaña dende 1530 cando menos segundo consta na documentación dos libros sacramentais das respectivas parroquias.

Joseph e o seu irmán Antonio, que era "soldado del regimiento de las órdenes militares" chegaron a Tirán en circunstancias para min descoñecidas e participaron activamente na vida da parroquia. Proviñan dunha familia ampla de Poceyro en Xaviña, os seus bisavós paternos, Antonio Cancela e Elena Pose, casáronse en 1688 e na partida de casamento di que os pais de Antonio eran Domingo da Cancela e Dominga Pastoriza e os de Elena eran Domingo de Lamela e Antonia Pose.

Joseph e Christina tiveron un só fillo, chamouse Domingo e naceu no lugar do Prado, cercano ao Igrexario de Tirán onde residía toda a familia. Este casaría en 1816 con Josefa Costas, moza de pai "incógnito", como se dicía naquela época aos fillos de solteira, e emparentada tamén cos Nogueira pola familia da nai. Tiveron seis fillos e catro deles déronlle vintetrés netos. A maioría seguiron vivindo en distintos lugares da parroquia como o Igrexario, Vilela, Conselleiros (que deu lugar a un apodo familiar) e moitos no Con, pero outros foron a vivir a distintos puntos de Moaña, e incluso a outros sitios de Galicia.

A cuarta xeneración dos Cancela en Moaña xa pasaba dos 50 membros e curiosamente a partir de 1871, e coincidindo co primeiro ano das inscricións nos rexistros civís, o apelido por algunha razón que eu descoñezo empeza a inscribirse como "Cancelas" ben sea nos rexistros civís ou relixiosos.

Os tres Juan Manuel

En 1848, Leonardo Cancela (fillo de Domingo e Josefa) e Benita Camiña

teñen o seu primeiro fillo e pónenlle o nome de Juan Manuel, segundo figura nos libros de nacementos da parroquia de Tirán. O cativo durou poucos días con vida e xusto trece meses despois tiveron un segundo fillo, que como era costume na época puxéronlle o mesmo nome, si ben a este último chamábanlle familiarmente "Manuel". En 1864 voltarían a ter outro fillo que tamén está inscrito co nome de Juan Manuel si ben a este chamaríanlle familiarmente "Juan".

O segundo fillo coñecido como Manuel, casou con Josefa Graña, e tiveron dez fillos dos que sobreviviron e tiveron descendencia cinco, posteriormente enviuvu non sei en que circunstancias e queda coxo dunha perna. Cando un dos seus fillos, Ventura ten que ir a facer o servizo militar a Cuba,

encárgalle á súa moza Agustina Iglesias que cuide do seu pai que está impedido. Cando Ventura chega de Cuba despois dunha longa campaña tópanse con sorpresa que o seu pai está casado con Agustina e está preñada. Deste novo matrimonio nacerán oito fillos dos que cinco terán sucesión.

Unha muller do seu tempo

En 1883 nace en Tirán Matilde Cancelas Collazo, filla de Antonio Cancela e Rosa Collazo, o primeiro de xaneiro de 1910, casa con José Benito Boubeta e este ao pouco tempo de matrimoniar emigra para América. Matilde pasa vinte anos sin ter noticias do seu home e aconsellada e axudada economicamente polo seu irmán Manuel que residía en New York acóllese á lei de divorcio aprobada durante a II República en febreiro de 1932, e por mor dunha sentenza da Audiencia Provincial do 26 de xaneiro de 1933 (non facía un ano da aprobación da lei) , Matilde pasa a ser a primeira muller divorciada en Moaña.

Apelido nacido en Moaña

Aínda que orixinariamente o primeiro Cancela veu da comarca de Bergantiños, foi en Moaña onde se cambia a plural e convírtese este apelido netamente galego e que ten outros equivalentes tales como Cancelo- Cancelada no resto de Galicia, en único "Cancelas".

A partir dese cambio Moaña pasa a ter un 45,8% de todos os Cancelas que vivimos en Galicia según datos do INE e do ILG, ao tempo que en Galicia vivimos o 75% de todos os do Estado, o 25% restante están fóra de Galicia por mor da emigración.